

## ÁMBITO

Localidade	Ribeira
Comarca	Barbanza
Lugar de realización	Ateneo Valle-Inclán (Bar Plaza)

## ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	21
Nº de non militantes asistentes	9
Nº de militantes convocad@s	todos

## DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso*

A nivel local	Xosé Antonio Vázquez Cobas
Representante do Consello Nacional	Cristina Andrade González

## NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 13

Duración aproximada da reunión	2h
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Cadeiras dispostas en forma de U e proxección de diapositivas que axudaban a seguir o fío do debate

## VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

Foi unha xuntanza plural, moi dinámica e cun bo ambiente, no que predominou o debate sosegado mais tamén con momentos onde o humor e as risas tomaron protagonismo.

O debate tivo unha elevada participación, sobre todo de persoas mozas.

En canto á valoración das participantes, agradeceuse a realización deste tipo de actos, nos que as simpatizantes, e non só militantes, poden expresar a súa opinión. Parebenizouse ao Bloque por querer escoitar de primeira man á sociedade e por demostrar máis unha vez que funciona de forma diferente ao resto dos partidos.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

- Importancia dos sectores produtivos na Galiza
- Grao de implicación da poboación nos problemas
- Falta de entendemento entre a poboación e os partidos políticos
- Problema da emigración na Galiza
- Problema do BNG nas cidades
- Asociación por parte da poboación de nacionalismo e independentismo
- Pluralidade da militancia
- Valoración das asembleas abertas como órganos de decisión

## Radiografía da Galiza de hoxe

- Destácase a falta de actuación da poboación ante os problemas que afectan á sociedade. Asíciase isto á falta de entendemento entre a poboación e partidos políticos e sectores, que son quen coñecen de primeira man as cuestións que lles afectan: débense explicar mellor e con máis inmediatez. No BNG existe un problema grave de comunicación nalgunhas problemáticas.
- Existe unha gran preocupación pola xestión dos sectores produtivos. Concretamente, no sector do mar, un sistema de explotación pouco sustentable levou á desaparición de especies e ao decaemento do sector. Non existe un respecto polas normas, nin no sector nin no goberno: Galiza podería e debería ser un exemplo do contrario, "respectando o noso".
- O BNG de céntrase demasiado nos sectores produtivos tradicionais, descoidando outras áreas e temas que lle afectan á sociedade (o tema das persoas autónomas, problemas da mocidade, etc.). O BNG debe facer propostas para estimular o rural tanto laboral como demograficamente.
- Aínda que se concorda na importancia dos sectores produtivos, destácase un estancamento no discurso do BNG en canto a este tema por non adaptarse á realidade. A mocidade xa non quere traballar no agro ou no mar, polo que se deben buscar outras vías para defender os seus intereses actuais como teleoperadores, camareiros, etc. E tamén buscar o desenvolvemento de novos sectores potenciais en Galiza como o das enerxías renovables.
- Cando se fale da Unión Europea, temos que separar as cousas malas de pertencer á mesma, das boas (como o tránsito de persoas).
- En Galiza existe un problema coa emigración que deu lugar a unha crise demográfica e a problemas de precariedade laboral. A xente nova non asume a emigración como tal, senón que consideran que "marchan".

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

### Estratexia política do nacionalismo galego

- O BNG carece dun discurso urbano, industrial, ecoloxista e moderno. Falta potencia nas grandes cidades: é necesario actualizar o discurso. Considérase ademais que o nacionalismo é un tema tabú nas urbes e pregúntase por que á xente que vive nestas poboación lle custa ver a importancia de ser galegas.
- A poboación galega en xeral asocia nacionalismo con independentismo, con radicalismos e enfrontamentos. Por isto, as siglas BNG supoñen un atranco (en cando á perda de votos) por medo a unha "España diferente". Débense explicitar os inconvenientes e as vantaxes dun independentismo non hostil, vender un nacionalismo como a mellora dos dereitos e da igualdade, e explicar claramente a súa viabilidade.
- É importante que o BNG tome posición como independentista ou non.
- Debe existir máis pluralidade ideolóxica nos militantes do BNG e non definir tanto as causas que se defenden para permitir que se achegue máis xente. O programa de goberno de NÓS-Candidatura Galega é un exemplo de programa sintético e claro.

### Participación política e modelo organizativo

- Parabenízase a realización de asembleas e encontros abertos nos que poden opinar todas as asistentes e non só as militantes. Onde se fan xuntanzas deste tipo tense unha imaxe dun BNG máis participativo.
- Sempre foi visible que o BNG funciona de forma diferente ao resto dos partidos, sendo máis próximo en todas as problemáticas.
- Débense asumir as asembleas abertas como órganos de decisión, ademais de consultivos.
- As persoas asistentes ao debate que non militan no BNG consideran que non son quen para opinar sobre o modelo organizativo da organización por non teren coñecemento sobre el.

